

1ª ENTREGA 2º ESO A

Ollos azuis brillantes
o teu sorriso perfecto
nerviosismo directo.

Cando te vexo é coma unha bomba nuclear
respiración acelerada é o que me provocas.
Miradas infinitas con sentimentos ocultos
sácame desta agonía
déixame vernos xuntos.

Non verte é un inferno e os teus cambios
de súpeto, puñaladas sen xeito.

Os teus bicos desexo
as túas caricias anheło
a túa actitude faite perfecto.

Martín López Del Río, 2º ESO

Agora non me imaxino unha vida sen ti
Iría a salvarte a calquera sitio, meu mellor amigo
Tampouco me imaxinaba sen ti todos os días no instituto
As veces que nos pelexamos por parvadas
Non me imaxino sen falar dos finais dos nosos cómics favoritos
A primeira vez que falei contigo caíchesme moi ben por iso es
o meu mellor amigo

Aitana Blanco Armesto, 2º ESO

Sentín de novo esa sensación,
esa mestura entre angustia e medo,
que non era nova de todo,
porque vivía comigo, ao meu carón.

Con todas as forzas que tiña,
quería desfacerme dela,
pero non era unha emoción que ía e viña,
porque xa non recordo vivir sen ela.

Só desexaba por un segundo,
descansar con tranquilidade,
parar o tempo do mundo,
aceptando a realidade.

Pero era unha realidade que me consumía
lenta e dolorosamente,
apoderábase de todos os pensamentos do día
rápida e facilmente.

Moraima Bagaría Vázquez, 2º ESO

Eses ollos lindos fixéronme de pedra,
estraño as chamadas pola madrugada,
oxalá que volva o tempo pra poder abrazarte,
quero verte aínda que me doe. Volve a min.

Mely Eliany Pérez Medina, 2º ESO

Aquela demoña
esperto e o primeiro que fago é
ver se me escribiches,
á noite deíxeiche unha mensaxe pero non a liches
o día que me botes de menos recorda
que eu non quixen irme
iso foi o que lle dixen,
porque non serei o seu primeiro amor
pero amaría ser o último
xa que coñecerte foi o maior dos premios,
quixente incluso cando
non querías querer a ninguén
pero tocoume entender
que eses ollos non só
me miraban a min.
Recordar que se polo menos estás ao
meu lado
fáiseme máis fácil afrontar a vida
se souberas o que me gustas
non dubidarías do meu amor por ti
pero tiven que perder para ser un gañador
o meu corazón é duro, non sente dor.

Malena Granero Vázquez, 2º ESO

No lenzo azul do ceo infinito,
nas nubes bailan no xogo bonito.
O sol e a lúa, eternos amantes
pintan estrelas con escintileos brillantes.

O ceo murmura segredos ao vento,
gardando historias que van aumentando.
En cada atardecer, unha obra de arte,
o ceo nos regala a súa parte.

Malak Aksasse Khouya, 2º ESO

Lembro aquel día que te observei
Aquela mirada que me atrapou
O ceo azul con nubes coma os teus ollos
As árbores de cereixas rosadas coma os teus pómulos
Esa beleza natural que tes como os campos cheos de flores

Ese día sempre será o máis especial da miña vida
Esa voz aguda coma o canto dos paxaros
Ese andar de modelo de pasarela
E esa alegría inigualable

Pero pídoche un favor, coida da miña filla que tanto se parece a ti
Tampouco esteas triste por min
Estarei observándote noutro mundo
E coidándote as espaldas, quéroste amor.

Yago Pérez Abrales, 2º ESO

Costa verdescente
non te saco da miña mente

Camiño das estrelas
cando te recordo caen bágoas nas miñas meixelas

Torre que ilumina
todo o que a mente imaxina

Muralla que protexe
cando penso en perderte
o meu corazón se estremece

Ai Galicia!
Ai tempos de ledicia!

Hiba Boumazlag Manar, 2º ESO

Gústame como me gusta a lúa e encántame que sexa de noite,
gústame como me gusta o café e sen el non teño enerxía,
gústame como me gustan os atardeceres e encántame ver o ceo de cores,
gústame como me gusta durmir e encántame sentirme en paz,
gústasme ti como me gustan as flores e adoro a delicadeza.

Heidy Sofia Gaona Palmo, 2º ESO